



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.E.P. DE CARREIRA

Rúa Pé do Corniño S/N CP: 15967
Carreira (San Paio)
Telf: 881 866 351
Email: cep.carreira@edu.xunta.es

I MOSTRA DE FOTOGRAFÍA “O XIGANTE DE AREA”

O CEP Plurilíngüe de Carreira organiza a I Mostra de Fotografía “O Xigante de area” aberta a todo tipo de participantes.

O alumnado do centro está inmerso na investigación sobre os espazos naturais e protexidos do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán.

O obxectivo fundamental que nos propoñemos é que o alumnado participe captando coa súa ollada imaxes que encerren unha reflexión, e que a través das imaxes captadas por persoas alleas ao centro se poñan en valor conceptos como conservación e coidado dos entornos naturais.

É condición primordial que o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán sexan o principal escenario xa que “O Xigante de area” é a temática da mostra, onde se queren reunir imaxes en distintas categorías realizadas por calquer persoa que guste da fotografía.

BASES PARA PARTICIPAR: A participación na mostra fotográfica “O Xigante de area” rexirase polo disposto nas seguintes bases, de obrigado cumprimento:

- Nesta mostra pode participar calquer persoa interesada, presentando ata **un máximo de 5 fotografías orixinais** sobre a temática “O Xigante de area”. As fotos poden ser en branco e negro ou en cor en calquera dos seguintes formatos **.raw, .jpg, .jpeg**.
- As fotografías entregaranse a través de correo electrónico na dirección: **pedocornino@gmail.com** . No corpo do correo escribirase o título da fotografía (lema ou frase que faga alusión ao contido medioambiental), e o nome completo do autor ou autora e a categoría á que pertence. Estes datos acompañarán a imaxe na mostra.
- O prazo de entrega será o comprendido entre o 7 de marzo de 2022 e o 8 de abril de 2022, ambos inclusive.

- As fotografías seleccionadas expoñeráanse nun lugar público acorde ao evento nas datas que se sinalarán a tal efecto.
- Se descartarán aquelas imaxes que non aborden a temática proposta, as imaxes borrosas ou inadecuadas.
- As categorías de participación son as seguintes:
 1. **Categoría LIBRE**, todas aquelas fotos sobre o complexo dunar que non se enmarquen en ningunha das outras categorías.
 2. Categoría **MÁIS QUE BICHOS**, fotos de animais que viven no parque.
 3. Categoría **MÁIS QUE PRANTAS**, fotos de prantas que viven no parque.
 4. Categoría **DE SUCIA MIRADA**, fotos reivindicativas do coidado e conservación dun entorno natural, onde aparezan lixos ou elementos prexudiciais para o parque.
 5. Categoría **VIVINDO AQUÍ E AGORA**, fotos de actividades rutineiras da xente que vive preto do parque e incide nel con prácticas agrícolas ou pesqueiras.
 6. Categoría **VAI DE DEPORTES**, fotos que recollan as imaxes das prácticas deportivas e de ocio que se realizan no parque.

As imaxes poderán ser utilizadas polo centro para divulgar o evento, e nas memorias que se fagan do proxecto. Podendo publicalas, sempre xunto a autoría, en todas as súas redes sociais. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

